2018/PLENO/000009

| Expediente | Sesión ordinaria do Pleno do Concello de 15.06.2018 | REF. 9/2018 |
|---|---|---|
| Trámite | Decreto de convocatoria | |

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría Xeral do Pleno, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 12.06.2018, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

**Primeiro.-**
Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión ordinaria que terá lugar o día **15.06.2018,** no Teatro Principal, ás **10:30 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

**Segundo.-**

Fixar a seguinte orde do día:

**A) Aprobación da acta da sesión anterior:**

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 11.05.2018.

**B) Parte Resolutiva:**

2.- Plan de Conservación do ENIL Río Gafos. Aprobación de modificación así como da súa vinculación co compromiso de financiamento, para incluír a programación detallada nas medidas de actuación enumeradas no artigo 40 da Lei 9/2001 de conservación da natureza.

3.- Expediente de modificación de crédito 7/2018.

4.- Proposición do grupo municipal do BNG para reclamar o mantemento dos informativos locais e o diario cultural da CRTVG.

5.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular para a reforma do parque infantil de Verducido e outras melloras necesarias na parroquia de Verducido.

6.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación a concienciar sobre a necesidade de limitar o uso das bolsas plásticas.

7.- Proposición do grupo municipal de Marea Pontevedra sobre rexeitamento da ampliación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres en Lourizán.

8.- Proposición do grupo municipal Mixto-Ciudadanos relativa á toma de medidas ante a grave situación xerada coas obras da ponte de Rande.

9.- Proposición conxunta dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE instando da Xunta de Galicia e organizacións políticas do Parlamento o desenvolvemento da Lei 2/2014 e o impulso de medidas de identidade de xénero.

10.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano e a implantación do transporte público urbano en Pontevedra.

11.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación á mellora da regulación do tráfico en Monte Porreiro.

12.- Proposición do grupo municipal Marea Pontevedra relativa á anulación da prórroga de 60 anos de presenza na ría de Pontevedra concedida a ENCE.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:SYGRAG3COZA0S0U8

13.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre melloras nos actuais cursos de ximnasia de mantemento para adultos e posta en marcha de novas ofertas municipais de actividades físico-deportivas.

**C) Mocións Urxentes.**

**D) Control e seguimento do Goberno Local:**

14.- Coñecemento de resolucións e decretos.

15.- Preguntas.

16.- Rogos.

**Terceiro.-** Dar traslado da presente:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

* Os expedientes dos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión encóntranse á súa disposición na pestaña favoritos do seu perfil de usuario de CIVIDAS. Poderán acceder a través dos ordenadores instalados no Concello aos grupos municipais ou, no seu defecto, a través dos ordenadores da Secretaría do Concello.

O Alcalde, O Secretario

Asinado por: SECRETARIAPONTEVEDRA 2
En data: 12/06/2018

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 12/06/2018

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES
Servizo: ALCALDIA
Cargo: ALCALDE
Data: 12/06/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018002632

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:SYGRAG3COZA0S0U8